

Xosé Neira Vilas

Cont 25-5-92

Gres, 19 de maio de 1997

Sr.D. Luís Tobío
Madrid

Meu querido e recordado amigo:

Preparo un libro sobre o Primeiro Congreso da Emigración Galega, celebrado, como vostede ben recorda, en Buenos Aires, en 1956. Pensei que era bo deixar testemuña daquel evento, e cadra que eu gardo todo, absolutamente todo (prensa, fotos, testemuñas diversas, símbolos utilizados, etc) o relacionado con tal acontecer. Estimo que é o conxunto máis completo de documentos que existe en relación co Congreso aquel.

Vostede foi clave nel. Vostede redactou o temario, o manifesto e o regulamento. Vostede participou logo nas sesións, etc. Quixera incluír neste libro en preparación unha Memoria súa, pormenorizada de todo o acontecido. Para pedirlle eses documentos creo foron a Montevideo Prada e Abraira, ou non? Como foi a relación de vostede coa nosa Comisión Organizadora? A corenta anos, que recorda? ¿Que valoración faría hoxe do desenvolvemento do congreso e das conclusións ou resultados? En fin, a vostede non teño que mandarlle un cuestionario con apartados ou preguntas escalonadas. Abonda con esta petición global e de sobras sei que o fará como vostede ten por costume traballar: con rigor e con esa boa memoria que conserva e exerce.

Agradezo de antemán a súa colaboración. Agardo noticias súas. Mentres, reciba unha aperta fraterna, cordial de

Xosé Neira Vilas

o meu endereço: Gres - Vila de Cruces
36587 Pontevedra